



## A UNIDADE DE NEONATOLOXÍA CONMEMORA O DÍA INTERNACIONAL DO PREMATURO BAIXO O LEMA "POR TI SOMOS UN EQUIPO"

- *Profesionais sanitarios, a Asociación AGAPREM, e pais e nais de bebés prematuros xunto cos seus fillos, participaron nunha xornada de portas abertas*
- *No pasado ano naceron no Álvaro Cunqueiro 232 bebés prematuros, un 7,3% do total*

**Vigo, 17 de novembro de 2023.** Baixo o lema "Por ti somos un equipo", os profesionais da Unidade de Neonatoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo conmemorou hoxe o Día Internacional do Prematuro.

Con este lema faise referencia ao traballo en equipo, á atención multidisciplinar que se presta aos bebés prematuros no hospital Álvaro Cunqueiro, e que resulta necesaria para sacar a estes pequenos adiante. Así, nesta asistencia converxen, ademais dos neonatólogos e facultativos de diferentes especialidades médicas, persoal de enfermaría, logopedas, fisioterapeutas, e traballadoras sociais, entre outros.



Neste contexto, organizouse unha xornada de Portas abertas, cunha serie de actividades divulgativas e lúdicas dirixidas aos antigos nenos e nenas prematuros e aos seus pais, así como aos proxenitores dos recién nados que neste momento están ingresados na Unidade.

Unha das charlas divulgativas, titulada "Traballando polo teu desenvolvemento: Coidados na UCIN", foi impartida pola enfermeira especialista en pediatría da Unidade de Neonatoloxía, Isabel Fernández Pinilla. Ademais, o logopeda Javier Bueno ofreceu



outro relatorio titulado "Acompañando a alimentación nas primeiras etapas do desenvolvemento".

### **Patuco de honra**

Pola súa banda, os representantes da Asociación de *Nais e Pais de Prematuros* AGAPREM, entregaron este ano o "Patuco de honra" á pediatra María Jesús Rodríguez, pneumóloga infantil que atende e fai o seguimento destes pequenos, para agradecerlle o seu labor e dedicación nestes anos.

Posteriormente, realizouse unha visita á Unidade de Neonatoloxía que foi decorada para a ocasión. Neste programa tamén tivo protagonismo a música xa que Manuel Morales, catedrático do Conservatorio Superior de Música de Vigo, interpretou varias pezas musicais de traveso barroco na mesma Unidade.

### **232 prematuros**

O pasado ano naceron no Álvaro Cunqueiro 3.170 bebés, dos que 232 foron prematuros (7,3% do total).

Para lograr a súa supervivencia e adecuado desenvolvemento cerebral no Álvaro Cunqueiro desenvólvense algunhas estratexias terapéuticas como a lactancia materna ou a presenza e implicación dos proxenitores nos seus coidados durante a súa estadía hospitalaria.